



# VIGO

A CIDADE HOXE



# VIGO

A CIDADE HOXE



## CAMPUS

A cidade universitaria está situada na parroquia de Zamáns, nun punto tan alto que funciona como miradoiro. É unha zona chea de vexetación e xardíns.  
É o mellor exemplo de arquitectura contemporánea que temos en Vigo. Todos os edificios teñen unha forma especial que se adapta moi ben ao terreo inclinado. Os materiais que utilizan son moi modernos, tanto que algúns deles incluso brillan coa luz do sol.

Plan de competitividade turística de Vigo, turismo urbano e de ría








### O CENTRO HISTÓRICO HOXE

Nas rúas peonís do centro histórico de Vigo podes pasear e observar a actividade marítima desde miradoiros como o da Pedra. Despois de anos de traballo de restauración das rúas e os edificios, hoxe son moitos os lugares que agochan fermosos espazos de lecer.



### VIVIR AS PRAZAS

Na praza da Estrela podes ver un edificio de pedra e cristal moi especial. É a sede da Xunta de Galicia en Vigo. No medio da praza atópase a escultura do Nadador feita polo gran escultor galego Leiro. Detrás da rúa do Príncipe hai unha pequena praza cun edificio singular, o Colexio de Arquitectos.



### PASEO MARÍTIMO

Antes de que existise este fermoso paseo, esta zona estaba moi estragada por ter sempre moitísimo tráfico, por iso buscouse a solución perfecta para que a xente poida gozar dun paseo cerca do mar. Primeiro construíuse un túnel, para que os coches circulasen por baixo e a xente por riba. Despois arranxáronse os Xardíns de Elduayen e finalmente construíuse unha nova Estación de Ría.



### CIDADE DE MUSEOS

Os museos de Vigo teñen sempre un monte de actividades pensadas para o público infantil e xuvenil. Achégate a eles e pregunta pola programación que desenvolven durante todo o ano.